



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Xa caeu o goberno tirán
que lembranza deixou o findar,
unha deuda de dez mil millós
que os labregos terán que pagar.

Si ti souberas Andreu,
si ti souberas Liborio,
as cousiñas que sei eu
da xente do Directorio.

Que por eso non pense ninguén
que en adiante estaremos millor
os caciques fixeron mal (ou ben)
íos que se ergan farano peor (ou millor).

Que sei eu!

É caso de cavilar
i o que di un refrán antigo,
unha cousa é pedricar
i outra cousiña é dar trigo.

Andan todos os votos pedir,
os caciques da nova autación
prometendo o que non han de cumprir
pra que siga a fatal tradición.

En caso de xesbringar
que non se feriu Castela
e por Galicia loitar
pra ser dignos fillos dela.